



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

### ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

*Resolución de Alcaldía núm. 2019/0246 do Concello de Valga pola se designan os membros concretos que desempeñarán os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva.*

#### Texto:

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en Sesión Extraordinaria de data 1 de xullo de 2019, polo que se aproba a relación de cargos que se deben desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, recoñécense os seus dereitos económicos e fíxanse as retribucións que lles correspondan.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Designar aos membros concretos que deben desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións acordadas polo Pleno en Sesión Extraordinaria de 1 de xullo de 2019 segundo o seguinte:

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de concelleira delegada de EDUCACIÓN, FORMACIÓN, EMPREGO E INDUSTRIA, **Dna. CARMEN GÓMEZ PARDAL**, e concelleira delegada de SANIDADE, BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, **Dna. AGUSTINA BEGOÑA PIÑEIRO BUSTO**, realicen as súas funcións en réxime de dedicación total..

**SEGUNDO.** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de concelleira delegada de EDUCACIÓN, FORMACIÓN, EMPREGO E INDUSTRIA, **Dna. CARMEN GÓMEZ PARDAL** unha retribución de mil cen euros mensuais líquidos (1.100 €)
- O cargo de concelleira delegada de SANIDADE, BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, **Dna. AGUSTINA BEGOÑA PIÑEIRO BUSTO**, unha retribución de mil cen euros mensuais líquidos (1.100 €)

José María Bello Maneiro (1 para 1)  
Alcalde-Presidente  
Data de Sinatura: 05/07/2019  
HASH: 2bd73988928e4852ad946ec34d4dae0cb



Cod. Validación: 6S3TW1NAZL2NFWY9HCW9ZZ4 | Corrección: <http://valga.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 1 a 2



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

**SEGUNDO.** Formalizar cos designados o correspondente contrato e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 75.1 e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**TERCEIRO.** Notificar a presente Resolución aos interesados aos efectos da súa aceptación expresa.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria, de conformidade co artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**QUINTO.** Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* de forma íntegra a presente Resolución, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Así mesmo, publicar a resolución na sede electrónica deste Concello([www.valga.gal](http://www.valga.gal))

O que resolvo e asino, ante min o Secretario da Corporación, asinado dixitalmente en Valga en data á marxe.

O alcalde-presidente

Ante mín, o secretario.

Adso. José María Bello Maneiro

Adso. Juan Manuel Salguero del Valle.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6S3TWHNAZLNPMY9HC+H452Z4 | Corrección: <http://valga.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2